



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSORCIO INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA INDUSTRIAL PARA CONSOLIDAR A UNIDADE DE TRANSFERENCIA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA MATEMÁTICA Á INDUSTRIA.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

COMPARECEN

Dunha parte, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, presidenta do Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI), en representación deste, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9.2 dos estatutos do ITMATI (cláusula quinta do convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a constitución do ITMATI, aprobado pola Resolución do 18 de febreiro de 2013, publicada no DOG número 44, do 4 de marzo).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), no exercicio da súa autonomía asumen como un dos seus obxectivos esenciais a transferencia que, xunto ás funcións de docencia e investigación, constitúe a terceira misión da universidade, que se cualifica de función e servizo social.



Para consolidar a posición relevante no campo nacional e internacional da matemática industrial galega, a UDC, a USC e a UVIGO constituíron o ITMATI, coa vocación de conformar un centro tecnolóxico de referencia no ámbito da matemática industrial.

SEGUNDO.- Ao amparo do artigo 6.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o ITMATI constitúe unha entidade xurídica, un consorcio, sen ánimo de lucro e dotada de personalidade xurídica plena (artigos 1 e 5 dos referidos estatutos). A súa principal misión consiste en contribuír ao fortalecemento e potenciación da competitividade no entorno industrial e empresarial, apoiar a innovación no sector produtivo mediante o logro da excelencia na investigación e o desenvolvemento de tecnoloxía matemática avanzada orientada á transferencia e á industria.

Para a consecución dos seus fins, o ITMATI ten, entre outras, as seguintes atribucións (artigo 7 dos seus estatutos):

- A atención ás necesidades tecnolóxicas das entidades e empresas que o requiran (prestando servizos de asistencia técnica), a formación técnica especializada, a vixilancia e prospectiva tecnolóxica, así como a difusión de información e outros servizos análogos vinculados á xestión do coñecemento, á tecnoloxía e á investigación.
- A colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas.
- A promoción de actividades de impulso da transferencia, cara á industria, do coñecemento e da tecnoloxía desenvolvida polo consorcio e nos grupos de investigación asociados a este.
- A promoción de actividades e servizos de dinamización e concepción de proxectos de investigación e desenvolvemento orientados á innovación.
- A promoción de actividades de formación do persoal técnico e científico en tecnoloxías e métodos.

TERCEIRO.- Para consolidar a súa actividade de transferencia de ciencia e tecnoloxía matemática á industria, o ITMATI ten unha estrutura adaptada ás necesidades da industria para incrementar o número de colaboracións e proxectos a desenvolver e por en valor o coñecemento científico no eido da matemática industrial existente nas tres universidades galegas. Trátase de dar unha resposta áxil e personalizada ás demandas da industria, que permite unha colaboración moi achegada e continua no tempo, que fortalece tanto o ámbito empresarial como o ámbito universitario e científico.



Para acadar os mellores resultados, esta estrutura precisa dotarse de medios especializados, tanto humanos como técnicos.

CUARTO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da CONSELLERÍA, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de innovación. Entre estas competencias está a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

QUINTO.- Que o Plan galego de investigación, innovación e crecemento asume no eixo estratéxico 3 (sistema integral de apoio á investigación) que para garantir a produción dunha investigación de calidade e excelencia por parte do sistema de I+D+i é esencial contar con estrutura e prácticas xestoras eficaces, de maneira que se cre unha contorna favorable á investigación, cun sistema integral que garanta a eficiencia operativa.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da CONSELLERÍA para o financiamento dunhas accións do ITMATI para consolidar a súa actividade de transferencia da ciencia e tecnoloxía matemática á industria. As actuacións realizadas polo ITMATI repercutirán por igual na UDC, USC e UVIGO.

A axuda irá destinada a subvencionar o gasto realizado polo ITMATI na realización das seguintes accións:

1. Contratar xestores/as de transferencia de tecnoloxía e innovación con dedicación a tempo completo, debendo de cumprir os seguintes requisitos:

- Licenciados/as enxeñeiros/as graduados/as, máster no eido das ciencias experimentais ou a enxeñería



- Experiencia contrastada en xestión de transferencia de tecnoloxía, innovación e valorización dos resultados de investigación relacionada co eido das ciencias experimentais ou a enxeñería.
- Experiencia na preparación e redacción de solicitudes de proxectos de I+D e de transferencia, no eido da xestión de proxectos nacionais e/ou europeos.
- Experiencia na preparación e redacción de informes científico-técnicos e económicos.
- Coñecementos e experiencia previa en desenvolvemento de negocio.
- Experiencia en actividades de difusión, promoción e divulgación de transferencia de tecnoloxía relacionadas co ámbito das ciencias experimentais ou a enxeñería.
- Dominio do inglés.
- Coñecementos de ferramentas ofimáticas e de traballo colaborativo.

2. Dispoñer do material funxible axeitado. Ademais deste material, os/as xestores/as de transferencia, debido a que o seu labor debe realizarse principalmente en contacto coas empresas, terán que viaxar frecuentemente para visitar a empresas e participar en xornadas, eventos e congresos.

3. Para as actividades de difusión á industria, que permitan un contacto directo coas empresas, será preciso tamén contar con material de difusión axeitado para divulgar as capacidades do persoal investigador co que conta o ITMATI.

4. Sufragar os custes xerais de administración e xerencia do ITMATI que se dediquen de xeito directo nas tarefas de transferencia de tecnoloxía e innovación (máximo un 25%).

SEGUNDA.- Contía da axuda

A dotación da CONSELLERÍA para este convenio é de trescentos noventa e sete mil douscentos dezanove euros (397.219,00 €), distribuídos en tres anualidades con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), aplicación orzamentaria 10.40.561B.444.0 (2016 00129) e co seguinte reparto:

CONCEPTO	2016	2017	2018	TOTAL
Persoal	83.258,40 €	83.258,40 €	83.258,40 €	249.775,20 €
Material funxible e viaxes	9.000,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	23.000,00 €
Actividades de difusión	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €
Gastos xerais	26.814,60 €	26.314,60 €	26.314,60 €	79.443,80 €
TOTAL	134.073,00 €	131.573,00 €	131.573,00 €	397.219,00 €



Respectando o importe total de cada anualidade, admitirase unha variación de ata o 10% na execución de cada un dos conceptos indicados (persoal, material funxible, difusión e gastos xerais).

Esta cantidade de 397.219,00 € trátase dun importe certo, e queda por conta do ITMATI a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención prevista neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta ao obxectivo do interese común. Así, o ITMATI é un consorcio sen ánimo de lucro integrado polas tres universidades galegas que ten como misión:

- Contribuír a fortalecer e potenciar a competitividade no contorno industrial e empresarial.
- Xerar valor engadido para a sociedade.
- Apoiar a innovación no sector produtivo mediante o logro da excelencia na investigación.
- Desenvolver tecnoloxía matemática avanzada orientada á transferencia e á industria.

Non obstante o ITMATI deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedementais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo de informar á CONSELLERÍA por medio da comisión de seguimento.

TERCEIRA.- Obrigas

A CONSELLERÍA comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado polo ITMATI para consolidar a súa actividade de transferencia de ciencia e tecnoloxía matemática e industrial .



O ITMATI comprométese a que das actuacións previstas neste convenio se beneficien as tres universidades do SUG.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o ITMATI non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Os consorcios dotados de personalidade xurídica propia aos que se refire o artigo 6.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considéranse que forman parte do sector público segundo o establecido no artigo 3.1, e) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que son poder adxudicador e están sometidas en canto á contratación de obras e subministracións á normativa pública de contratación.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

Con periodicidade anual a CONSELLERÍA realizará o pagamento contra a presentación (antes do 30 de novembro) por parte do ITMATI da correspondente memoria anual na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación (expedida polo órgano que teña atribuída a facultade de control) na que se faga referencia á toma de razón en contabilidade, na que conste o cumprimento da finalidade do presente convenio e na que se recolla que os fondos de cada exercicio foron destinados ao obxecto do convenio, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos nos referidos exercicios.

Para o mellor seguimento do convenio, na referida memoria incluírase, cando menos, os seguintes indicadores para avaliar o seu impacto:

- Ingresos de actividades de I+D+i.
- Número de contratos/convenios asinados.
- Número de centros de investigación/centros tecnolóxicos e organismos/asociacións cos que houbo colaboracións técnicas ou organización de actividades.
- Número de centros de investigación/centros tecnolóxicos, empresas, organismos e asociacións aos que se difundiron as capacidades do ITMATI.
- Número de eventos organizados ou coorganizados.
- Número de persoal investigador colaborador e adscrito.
- Número de empregos tecnolóxicos creados.



Así mesmo, deberán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter débedas coas administracións, así como unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

QUINTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a CONSELLERÍA, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros do ITMATI.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola CONSELLERÍA.



OITAVA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o ITMATI consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer o ITMATI no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público dado que é preciso dar resposta ás necesidades de transferencia de investigación, para fomentar, por un lado, as colaboracións académicas e científicas coas universidades e grandes centros de investigación españois e estranxeiros, promovendo a interdisciplinariedade e, por outro lado, proporcionar servizos de apoio á innovación empresarial e contribuir ao fortalecemento da relación entre os organismos xeradores de coñecemento e as empresas.

Estas accións esténdense ás tres universidades galegas, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación do SUG e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, rexéndose para os efectos pola normativa xeral en materia de contratos das



administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

A presidenta do consorcio Instituto
Tecnolóxico de Matemática Industrial